

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE SETEMBRO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. José Angel Vieiro Amor
D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

Excusan a súa asistencia:

D. Eloy Babío Veiga (SON de Bergondo-Anova)
D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas (concelleira non adscrita)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 27 DE XULLO E 2017.
2. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.
3. SOLICITUDE EQUILIBRIO ECONÓMICO FINANCEIRO POR PARTE DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. ACORDOS QUE PROCEDAN.
4. APROBACIÓN DO MODIFICADO DO PROXECTO DE REPARACIÓN E ASFALTADO A BASE DE AGLOMERADO ASFÁLTICO DOS CAMIÑOS: INTERSECCIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP-0801 (PK

1880-MARXE DEREITA) CO CAMIÑO A PISÓN, PARROQUIA DE VIXOI E INTERSECCIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP-0813 (PK 2,600-MARXE ESQUERDA), CO CAMIÑO A OUTEIRO-OUCES, PARROQUIA DE OUCES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑOS DE BERGONDO, PARA EVITAR QUE EDIFICACIÓNS CON LICENZA E AXUSTADAS Á DEREITO QUEDEN FÓRA DE ORDENACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN AO REXEITAMENTO E CONDENA DAS OCUPACIÓNS ILEGAIS DE INMOBLES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

8. MOCIÓN INSTITUCIONAL PRO DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

10. ASUNTOS URXENTES.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 27 DE XULLO E 2017.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xullo, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a actas da sesión ordinaria do día vinte e sete (27) de xullo de 2017, por unanimidade de votos a favor (once), apróbase a referida acta.

2. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. SOLICITUDE EQUILIBRIO ECONÓMICO FINANCEIRO POR PARTE DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de setembro de 2017, que transcrita literalmente di:

"En data 19 de xullo de 2017 e número de rexistro 20179990000107, recíbese escrito da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU con CIF A66141185, onde presenta unha solicitude na que manifesta a existencia dun desequilibrio económico na concesión administrativa, ocasionada pola entrada en funcionamento de diversas instalacións. Solicitando neste escrito que se proceda adopción das medidas técnico-económicas necesarias para a entrada en servizo e regularización contractual, así como dar cumprimento o artigo 21 da lei 39/2015, de 1 de outubro con respecto ó prazo máximo para resolver e os efectos do silencio administrativo.

En data 3 de agosto de 2017, remítese escrito, con rexistro de saída 3559, á empresa Viaqua, dando cumprimento ó artigo 21 antedito, sendo o prazo de resolución da presente solicitude, o prazo xeral de tres meses e sendo o silencio administrativo desestimatorio ó tratarse dunha materia de contratación administrativa.

Unha vez analizado o escrito da empresa concesionaria e visto a documentación que integra o expediente, incluído o informe de intervención de data 18 de setembro de 2017, PROPÓNSE ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Desestimar a solicitude de regularización contractual, solicitada por Viaqua, por entender este concello que non existe desequilibrio económico financeiro e que a inclusión dos bombeos no contrato de concesión, está dentro da xestión integral obxecto do contrato asinado, quedando adscritos ó mesmo, tendo en conta o principio de risco e ventura concesional, e a inclusión na Ordenanza fiscal que regula as taxas que remuneran ó concesionario, de todos os conceptos obxecto do presente contrato de concesión.

Segundo. Notificar o presente acordo á empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.

Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: presentase un escrito por parte da concesionaria Viaqua, no que solicita ese reequilibrio económico financeiro, de vinte e cinco mil douscentos oitenta euros anuais, en base á futura entrada en vigor de varios bombeos, o Pedrido, de Montecelo, de Santa Marta, das Agradas, o dos Curros e o da Fraga.

Tal e como se di a proposta, e en base ao que xa se ten falado co motivo de algo parecido, i é que cando viña a mesma solicitude a través do IPC o criterio foi o mesmo, e así se expresa no informe de intervención entendese que todo forma parte do único contrato de xestión, e que polo tanto se debe asumir por parte da concesionaria, e polo tanto a proposta que se trae é de desestimar esta solicitude.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro do PP: unha vez visto o expediente e o informe de Intervención, parece que é un tema administrativo e que se deber resolver por vía administrativa; aínda así gustaríame saber, se é posible, o resultado da auditoría a Viaqua, que foi unha das condicións para formar o bipartito actual; gustaríame saber cales son as valoracións tanto da alcaldesa como do portavoz de Anova, se pode ser, mais que nada porqué cando se plantexou este tema se falaba incluso de remunicipalizar o servizo, se non recordo mal, e vendo as conclusións que puideron ler na prensa, de dita auditoría*la concesionaria está cumprindo en general con el objeto del contrato, aunque han detectado pequeños incumplimientos que atribuyen más a cuestiones relacionadas con el control por parte del Concello de Bergondo que a cuestiones imputables a la propia empresa...*

Sra. alcaldesa: non son a mesma cuestión, estame plantexando un tema que non é realmente o que ven a Pleno, o que ven a Pleno é a solicitude do equilibrio económico financeiro por parte da concesionaria, ese estudo que estará nestes días colgado na páxina web ao que terán acceso libremente e tamén vostedes poderán opinar, conclúe que para un concello..., basicamente, conclúe bastantes cousas, é un estudo bastante denso e completo, e conclúe que ao día de

hoxe a concesionaria cumpre en termos moi xerais, é dicir que había cuestións de pequeno calado que se deberían ter mais en conta, tamén di, incluso, que dado que o concello é pequeno, que non ten persoal técnico en plantilla que poida levar un control exhaustivo dese contrato, pois iso tamén dificulta un pouco esta cuestión. E que a xestión directa, a palabra remunicipalización quizá non sería axeitada, que a xestión directa non sería o recomendable, sería mais custosa ao día de hoxe; en todo caso cando remate a concesión, é unha cuestión que non se plantexa, que se plantexará no seu día, pero que ao día de hoxe o estudo económico pois si que o di.

E volvendo ao asunto que nos acompaña hoxe, que traemos hoxe a sesión plenaria, non está exactamente relacionado, simplemente a concesionaria o que entenden en base ao contrato é que se debe regularizar esta situación que creen de desequilibrio económico financeiro, nós entendemos que non, e o que vostede di, en base tamén aos informes; non quere dicir que non haxa recursos a esta decisión e demais, pero iso tampouco o podemos adiantar ao día de hoxe.

Sr. voceiro de VB: como en anos anteriores volvemos a votar a favor desta proposta, porque co contrato tan escueto que ten a concesionaria de augas, e coa boa labor que fai, paréceme ben non admitir pagarlles estes vintecinco mil euros, porque como ben di, os novos bombeos que van entrar xa están incluídos neste ámbito; polo tanto o noso voto é a favor.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o noso voto tamén vai ser desestimar esta petición, esta reclamación.

En canto ao que comentaba o portavoz do Partido Popular, eu creo que é aconsellable que vostedes.... dígoo polo feito de que unha simple crónica de prensa tampouco é suficiente para facer unha valoración, eu creo que a partir de mañá poderá estar xa colgado na web municipal todo o estudo e poderán facer tamén unha valoración mais en profundidade.

En canto á nosa valoración, pois mire, esta era unha cuestión que tamén se aprobou nun Pleno, facernos esa pregunta e que alguén nos contestara esa pregunta, sería aconsellable remunicipalizar, ou mellor dito municipalizar o servizo, ou seguir baixo este...., pois parece que este estudo conclúe que non é aconsellable abordar a municipalización do servizo. Pero insisto, creo que é aconsellable e interesante que vostedes mesmos poidan ler o informe completo que contamos con que mañá poderá estar colgado na web.

Sr. voceiro de VB: se me permite; unha pequena corrección, cando fala vostede remunicipalización da auga, neste pleno aprobouse unha proposta que trouxemos para remunicipala e o que di o informe, segundo lemos na prensa, que efectivamente ata que non poidamos lelo enteiro, é que actualmente, a poucos anos de acabar o contrato, pois non é o mais apropiado, iso non quere dicir que ao mellor iso que aprobamos aquí en Pleno, que trouxemos desde Veciños de Bergondo, a proposta para estudar a posibilidade de remunicipalizar, teremos que volver a estudala.

Sra. alcaldesa: de feito a conclusión no punto número catro, que está ao remate do estudo, téñoos aquí un pouco por casualidade, *o modelo de xestión indirecta baixo o réxime de concesión, sinalase como o mais axeitado para os recursos humanos, materiais e financeiros dos que dispón na actualidade o Concello de Bergondo, sen prexuízo de que no futuro poidan implantarse outras fórmulas de xestión sempre coa consideración de adaptar un balance entre o custo efectivo e os ingresos tarifarios coa finalidade de manter o equilibrio financeiro do contrato, recomendase a continuidade do modelo de xestión actual polo menos ata finalización do contrato da concesión actual...* entre outra serie de conclusións, pois é o que plantexa.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: se me permite; hai un tema interesante que tamén se menciona, que é a posibilidade futura de que a mellor puidera consorciarse a nivel supramunicipal, tamén é unha porta a ver no seu día.

Sra. alcaldesa: e que xa se está estudando a través da posibilidade da creación da Área Metropolitana nos diferentes ámbitos de traballo que imos levando a cabo.

Sr. voceiro de VB: remunicipalizar a auga consorciadamente.

Sra. alcaldesa: probablemente, ou simplemente quitar unha concesión pero a nivel supramunicipal, por iso que todas son cuestións que agora mesmo están no aire e que nun futuro se verán.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: un (1) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. APROBACIÓN DO MODIFICADO DO PROXECTO DE REPARACIÓN E ASFALTADO A BASE DE AGLOMERADO ASFÁLTICO DOS CAMIÑOS: INTERSECCIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP-0801 (PK 1880-MARXE DEREITA) CO CAMIÑO A PISÓN, PARROQUIA DE VIXOI E INTERSECCIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL DP-0813 (PK 2,600-MARXE ESQUERDA), CO CAMIÑO A OUTEIRO-OUCES, PARROQUIA DE OUCES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de setembro de 2017, que transcrita literalmente di:

"Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Pedro Zapata Roel, en xuño de 2017, denominado: Reparación e asfaltado a base de aglomerado asfáltico dos camiños: Intersección da estrada provincial DP-0801 (PK 1880-marxe dereita) co camiño a Pisón, parroquia de Vixoi e intersección da estrada provincial DP-0813 (PK 2,600-marxe esquerda), co camiño a Outeiro-Ouces, Parroquia de Ouces, que é o proxecto financiado con fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural, segundo a súa Resolución de 18.05.2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 102, do 31.05.2017), cun importe de execución por contrata de 43.935,15 euros (IVE do 21%).

Visto que na sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o día 27 de xullo de 2017, aprobouse unha versión anterior do citado proxecto e cun orzamento por contrata de 44.403,48 euros, que non se corresponde co proxecto definitivamente financiado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural, na súa concesión de subvención por Resolución do 08.09.2017.

Aínda que polo importe a competencia para contratar correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por delegación desta alcaldía por Resolución núm. 1251/2016, do 13 de decembro de 2016, de conformidade co artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que é competencia do Pleno da Corporación a "*aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aún non estean previstos nos presupostos...*", proponse ao pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o modificado do proxecto de Intersección da estrada provincial DP-0801 (PK 1880-marxe dereita) co camiño a Pisón, parroquia de Vixoi e intersección da estrada provincial DP-0813 (PK 2,600-marxe esquerda), co camiño a Outeiro-Ouces, Parroquia de Ouces, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Pedro Zapata Roel, en xuño de 2017, cun presuposto por contrata de 43.935,15 euros, tendo en conta o expediente de xeración de crédito municipal, como consecuencia da concesión da subvención pola Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural do 08.09.2017.

SEGUNDO.- Expídase certificación do presente acordo para a súa incorporación ao expediente de contrato.

Bergondo, o 18 de setembro de 2017
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como lles comentaba o outro día, requiríusenos no seu momento unha pequena corrección, é que nos prezos descompostos había un erro na suma e polo tanto corrixiuse este requirimento que nos fixo Agader agora no verano, polo tanto volveuse a mandar o proxecto con esta pequena diferenza de cincocentos euros, e esa nova proposta xa é a que está aprobada igual que o resto dos camiños dos concellos de Galicia, e agora o que nos queda é poder licitar, porque incluso temos xa todas as autorizacións e en breve nós poñeremos coa licitación destes dous camiños.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro do PP: nós xa votamos a favor cando se levou este proxecto no anterior pleno, e agora tamén imos votar a favor.

Sr. voceiro de VB: trátase simplemente dun tema administrativo, a adecuación de precario, polo tanto, xa se validou noutro pleno, non hai nada mais que dicir.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: voto favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: un (1) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de setembro de 2017, que transcrita literalmente di:

"Con data 13 de setembro e núm. de rexistro de entrada 6648, recibíuse neste concello un escrito do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xefatura territorial da Coruña, en relación co Calendario Laboral para o ano 2018 na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de determinar os dous días que no ámbito deste termo municipal son festas locais por tradición propia, e, polo tanto, terán carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2018, debendo remitirse antes do 15 de outubro o acordo municipal.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Determinar como días festivos locais no Concello de Bergondo para o ano 2018, os seguintes:

- .- 13 de febreiro, martes de Entroido.
- .- 16 de agosto, San Roque.

Segundo: Remitir unha certificación deste acordo, antes do 15 de outubro de 2017, ao Servizo de relacións laborais do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O pleno decidirá o que considere máis convinte.

Bergondo, 18 de setembro de 2017.
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

Sra. alcaldesa: pois como tradicionalmente se veñen escollendo estes dous festivos, martes de Entroido e o dezaseis de agosto; este ano non coincide mal o día de San Xoan, que era o que nos últimos anos podía dar lugar a que se discutise o tema e houbera outras propostas. A proposta que se trae é a mesma que se ven facendo en Bergondo dende sempre, case...

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro do PP: imos votar a favor destes días festivos.

Sr. voceiro de VB: nada que alegar, todo okei.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: a favor.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: un (1) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑOS DE BERGONDO, PARA EVITAR QUE EDIFICACIÓN CON LICENZA E AXUSTADAS Á DEREITO QUEDEN FÓRA DE ORDENACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción do grupo municipal de Veciños de Bergondo, ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de setembro, que transcrita literalmente di:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En plena elaboración del Plan general con la propuesta que se está a presentar, observamos que numerosas viviendas quedan, aun encontrándose con licencia ajustada a derecho y muchas de ellas recientes, fuera de ordenación en el nuevo planeamiento.

La implicación que tiene la situación de "fuera de ordenación" es que solo se pueden acometer obras de conservación y ornato. Nunca se podrá aumentar su volumen ni, en general, hacer obras que aumenten el valor de la edificación. Esto es así porque el objetivo es que una vez cumplida la vida útil de la edificación esta tienda a desaparecer.

Lo que busca la institución cuando una edificación aun encontrándose con licencia ajustada a derecho pero fuera de ordenación en el nuevo planeamiento, es la que edificación desaparezca. Lo que pasa es que, en los dos supuestos parece injusto obligar a su propietario a demoler estas edificaciones, ya porque la edificación fue legal en el momento de la construcción o porque transcurrieron los plazos de caducidad de la acción de reposición de la legalidad. Por ello, se establece una especie de peculiar régimen transitorio, permitiendo la subsistencia de la edificación hasta que se agote la misma por el transcurso del tiempo, es

decir, que se permite que se siga utilizando, hasta que el transcurso del tiempo termine por su ruina, para que, llegado este momento, se termine por su eliminación natural. Para que esta eliminación se produzca, se producen claras limitaciones en las leyes y en el planeamiento. Por ello, el efecto más inmediato es que no se permitirán obras que puedan suponer que la edificación pueda alargar su vida útil. Es por ello, que las únicas obras que se autorizarán en este tipo de edificaciones serán las de mera conservación u ornato. Es decir, pequeñas obras que no afecten ni a la estructura ni permitan su consolidación. Por poner un ejemplo gráfico, si un incendio o un accidente rompiera una viga de un tejado de una edificación fuera de ordenación total el ayuntamiento no debería permitir que se reparase, condenando la edificación a su ruina y posterior demolición. En las situaciones de fuera de ordenación parcial, existen menos limitaciones, pero siempre se tiende a obligar al propietario que quiera hacer obras mayores a eliminar las zonas que están fuera de ordenación en el edificio.

Otra implicación importante es que el valor de la vivienda es mucho más bajo que el de una vivienda legal, aun encontrándose con licencia ajustada a derecho pero fuera de ordenación en el nuevo planeamiento; así que en caso de expropiación prácticamente no te darían nada. También suele ser habitual que muchos bancos no te den hipotecas para comprar edificaciones de este estilo, con lo cual vender una vivienda fuera de ordenación es muy difícil.

Por todo ello, el Grupo Municipal vecinos de Bergondo propone al Pleno del Ayuntamiento de Bergondo la adopción de siguiente acuerdo:

Que se tomen desde el minuto uno todas las acciones oportunas, técnicas y jurídicas para que ninguna edificación con licencia ajustada a derecho, construida en Bergondo, quede fuera de ordenación en el nuevo planeamiento que se está a desarrollar.

Bergondo, 19 de setembro de 2017."

Continúa o Sr. voceiro: dígolle isto porque unha das cousas importantes que ten o Concello de Bergondo, que estamos vertebrados por infinidade de viais, e agora se están programando novos corredores ecolóxicos; temos a afección da costa e parecería un pouco inxusto que veciños con casas con licenza queden dentro deses ámbitos, e se consideren eses ámbitos fóra de ordenación e polo tanto esteamos causando un prexuízo.

Se revisamos o planeamento que presentaron, hai reservas viais que están tocando casas; non son dúas ou tres casas, é un tramo bastante longo, como poden vostedes observar.

Paréceme que é moi inxusto que un veciño que fixo unha casa no seu día, axustada a dereito, agora porque haxa que facer reservas viais, novos corredores ecolóxicos, non busquemos algún resquizo para que esas edificacións se poidan manter.

Sra. alcaldesa: despois de ver esta moción, a primeira cuestión que se pode plantexar é que se as vivendas con licenza quedan fóra de ordenación no borrador do PXOM ou se polo contrario xa estarían agora mesmo.

Hai vivendas que ao día de hoxe a propia lexislación urbanística na Lei do solo, xa as considera que están fóra de ordenación e neste caso será..., non é o caso, o PXOM quen o cualifica, senón que é a diferente lexislación sectorial sobre o territorio que foi saíndo os últimos anos, vostede tamén xa o citaba, que se o Plan de ordenación do literal, leis de estradas, a Lei do solo.

A segunda cuestión, cando se afirma *parece injusto obligar a su propietario a demoler estas edificaciones*, a ver... onde se di iso? e a cuestión, afectaría a todas esas vivendas que ao día de hoxe son legais porque teñen licenza, cousa distinta tamén, e que creo que non é do que se fala nesta moción, e que falamos de vivendas ou galpóns construídas no seu día sen permiso algún, e xa digo, non é o que creo que vostedes queren plantexar.

Sr. voceiro: non, non é o obxecto, o texto o di ben claro...

Sra. alcaldesa: efectivamente, por iso tamén o quero recalcar, pero si que é certo que a moción así o traslada. Entón dous apuntes, un que poderemos facer, que as licenzas outorgadas no solo urbano de núcleo rural que estean conformes ás Normas subsidiarias actuais, construídas conforme a licenza, están adaptadas ao Planeamento, e non esquezamos que polo de agora estamos na fase de borrador, vale?, non hai ordenanzas...

Sr. voceiro: tampouco o digo aquí..

Sra. alcaldesa: e despois as licenzas en solo rústico, teñen un réxime especial na disposición transitoria da Lei do solo que permite incluso, en casos moi especiais, ampliacións.

Polo tanto, convén diferenciar o que significa o fóra de ordenación e así o define no artigo 90 a Lei 2/2016 do solo de Galicia, e leo textualmente, *os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións, equipamentos públicos, quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.*

Nestas construcións so poderá realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio...efectivamente é o que di o artigo e punto dous o planeamento urbanístico determinará o réxime ao que deben someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva que no sexan plenamente compatibles coa súas determinacións, pero que no estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme ao sinalado no punto anterior,e pódense realizar, como mínimo, as obras que se sinalan no punto anterior; é dicir, que será o Plan unha vez mais, o que determine as obras que se poidan facer neste segundo caso, as que non estean afectadas por esa cuestión de equipamentos, espazos libres, e demais.

Polo tanto, se hai algunha edificación que no borrador se vexa afectada polo primeiro apartado, que segundo vostede has hai, pode habelas, o noso consello é que se faga unha alegación, é o que levamos aconsellando durante todo este tempo; pode ser un erro, pode ser incluso que sexa mais doado o desenvolvemento posterior de todo ámbito se se exclúe, ou pode ser que esta incluída nun espazo libre de equipamento público, onde aí o interese xeral sexa o prioritario, en todo caso creo que hai que ver o caso concreto de cada edificación, porque si que pode haber algunha que ao mellor efectivamente se encontre nesa situación.

Se o que se pretende, xa digo que creo que non é o caso, é incluír no núcleo rural todas as vivendas con licenza que estean en solo rústico, xa sabemos que é misión imposible....

Sr. voceiro: desculpe, non o pon a moción....

Sra. alcaldesa: non o pon a moción, pero como nalgún momento, nalgún foro, creo que se puido dar lugar...., ou a xente puido entender mal; repito, a moción non o di. Pois entón simplemente engadir, que sería unha misión imposible, os núcleos rurais non se poden estender eternamente nin tampouco non se poden inventar núcleos rurais onde non existen.

En resumen, tres tipos de réximes de edificacións que non están adaptadas ao Planeamento, os que están afectados por viais, zonas verdes e espazos libres equipamentos, nese novo Plan, que xa digo, aínda está en fase de borrador, nesas soamente se permitirían esas obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, os edificios que incumpran os parámetros distintos dos do parágrafo anterior, que serían ao mellor un tema de parcela mínima, fronte mínimo, retranqueos, etcétera, será o Plan o que ordene a través desas ordenanzas que obras permite e cales non, entón se serían ou non compatibles co planeamento, e despois as edificacións que teñen mais de corenta anos e que teñen tamén unha licenza, onde incluso se pode permitir unha rehabilitación e con razóns xustificadas incluso aumentos de volume de mais do cincuenta por cento.

Tamén é importante definir que non se consideran fóra de ordenación as vivendas afectadas pola liña de edificación indicada na nova Lei de estradas de Galicia, porque non considera tramos urbanos os existentes nos núcleos das actuais Normas subsidiarias, polo tanto, unha vez mais, cuestión que deberá resolver o PXOM.

Polo tanto, a miña conclusión neste tema é o que viña dicindo ao principio, o PXOM deber resolver moitas destas cuestións, do que se di fóra de ordenación, e pode facelo; pero nunha moción poñer que *ninguna edificación con licencia ajustada a derecho, construída en Bergondo, quede fuera de ordenación en el nuevo planeamiento*, é algo que nós non podemos aprobar, precisamente porque non podemos afirmar o "ningunha", entendemos que probablemente na súa maioría debería poder solucionarse, pero non con esa relación, sendo tan explícito, "que ningunha vivenda" porque probablemente sempre haberá algunha que será inevitable que quede fóra de ordenación.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro do PP: se ben é certo que tanto a Lei do solo, e o Regulamento da Lei do solo, no seu artigo 90 e 205 respectivamente, recollen aqueles supostos que se consideran fóra de ordenación, e que lo determinará o planeamento urbanístico, e seguindo co artigo 40 e 63 da Lei e o Regulamento, respectivamente, as vivendas tradicionais anteriores a 1975 non terían problemas de ordenación, incluso a disposición transitoria terceira, quedan ordenadas as vivendas en solo rústico que se poderían ampliar nun cincuenta por cento, previa licenza da Xunta.

En definitiva, cremos que se debe loitar para evitar que queden fóra de ordenación o menor número posible de edificacións, porque é un ben para os veciños e que moitas veces os propios veciños son alleos a estas cuestións técnicas, que se debe mellorar e apostar por garantir unha seguridade xurídica para evitar cuestións desagradables con algo tan prezado como a túa propia casa.

O noso voto vai ser favorable.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: eu creo que no substancial coincidimos, é dicir, ninguén de nós quere deixar á xente nestes supostos desamparada ou..., pero tamén é certo que hai toda unha casuística importante, moitos supostos diferentes e non se pode facer unha afirmación con esta rotundidade, menos aínda aprobalo en Pleno, porque estaríamos mentindo claramente, non é posible e non podemos facer tal cousa, transmitir igualmente esta idea á xente, pois tampouco é positivo, porque lles transmitimos algo que imposible de cumprir, polo tanto nós tampouco podemos votar a favor deste acordo nestes termos.

Sr. voceiro de VB: non entendo nada; primeiro aquí non se fala nada nin de galpóns, nin de casas de fóra de ordenación, soamente se fala do dereito dos veciños que teñen adquirido por haber construído casas axustadas a dereito, e que agora no planeamento debido ao suposto interese xeral, debido a supostas necesidades de crecemento fanse reservas viais, debido a que no se quere pelexar con certas Administracións..., poño o caso dunha zona concreta de Moruxo, que estiveron pelexando moito tempo e nin sequera se recolleu no borrador as propostas que se enviaron. Dígolle que ao final o que temos que intentar desde aquí é que a xente que fixo as cousas ben que o concello sexa garante da súa responsabilidade, o que o fixo mal, cada un que asuma o seu pau.

Non me vale que o equipo de goberno me diga que non pode xeneralizar, porque vostedes teñen na man facer un Plan como veñen vendendo para a maioría dos veciños, para que o concello creza sen esas burradas de urbanizacións; entón porque imos penalizar a unha serie de veciños que fixeron as cousas ben, estou seguro que se hoxe de aquí non sae nada, pero mañá se plantan aquí cen... vinte veciños, cambian de pau; estou seguro, porque xa o fan moitas veces. Entón, porque non tomar en consideración..., a ver, a min non me gustan os xestos, eu estou falando seriamente, so lle digo porque vostedes como equipo de goberno non toman en consideración axudar a todos aqueles veciños..., que non é axudar, garantir os seus dereitos. Os veciños fixeron as súas vivendas, que é onde viven, axustadas á dereito, e agora neste planeamento, pois a algúns lles quitan eses dereitos, polo tanto non creo que sexa tan duro afirmar estas cousas; ou estamos cos veciños ou estamos cos de fóra; é así de duro.

Xa sei que non lle gusta o que lle digo, vostede preferiría que fora mais subxectivo, pero aquí hai que mollarse e defender aos veciños, e estou seguro que se dende a Alcaldía o equipo de goberno, se poñen todos os mecanismos para facer isto, se pode conseguir, porque sempre tería resquizes legais para conseguilo, outra cousa é que ao mellor non interese, ao mellor non interesa cando presentan cousas os veciños para axudar a un grupo deles a ter menos problemas con certas administracións non atendelos, a culpa é dos outros, pero vostedes non mandan información.

Polo tanto prégolle ao equipo de goberno que aprobe esta proposta.

Sra. alcaldesa: e eu repítole, unha, para empezar non se faga vostede aquí defensor dos veciños, porque non o é, en todo caso seremos todos e cada un no que cremos e no que pensamos.

Non diga que non nos interesa e non diga que cambiamos de criterio en función de que haxa mais xente ou menos, porque nós precisamente non o facemos así.

É obrigatorio ter reservas de viais, obríganos a lexislación, obríganos tamén a ter reservas de equipamento, e obríganos tamén a ter reservas de zonas verdes, non nós estamos inventando nada.

Polo tanto, volvo a insistir, e xa conclúo, se o que quere é que ningunha edificación con licenza quede fóra de ordenación, segue sendo demasiado xenérico, acabo de enunciar diferentes tipos de fóra de ordenación, cada un cos seus condicionantes.

Nós transmitimos tranquilidade, convidamos a que a xente pida cita co arquitecto municipal, como levan facendo durante todo este tempo, estudar polo miúdo a casuística de cada persoa e cada vivenda; non esquezamos que estamos aínda no documento no momento borrador, que terán que vir aínda os informes sectoriais e que eses van ser moito mais demoledores e non por iso imos deixar de loitar no que pensamos, iso si polo interese común, e que isto é un novo comezo e polo tanto benvidas as suxerencias que nos poidan facer todos os particulares.

Así que o noso voto, por coherencia e qué por técnica e xuridicamente esta moción non se sostén, e non temos a costume dende o goberno de aprobar mocións que sexan ilegais, o voto é en contra.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: un (1) voto en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor. **Total seis (6) votos en contra e cinco (5) a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitado, por maioría de votos en contra** o ditame.

7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN AO REXEITAMENTO E CONDENA DAS OCUPACIÓNS ILEGAIS DE INMOBLES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción do grupo municipal do Partido Popular, ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de setembro, que transcrita literalmente di:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos asistimos a un incremento de problemas relacionados coa usurpación de vivendas. Esta actividade delictiva non só a sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do disfrute da súa propiedade privada, senón tamén os restantes veciños que residen nos inmobles onde se producen estas ocupacións ilegais de vivendas.

Actualmente, estes feitos delictivos provocan que o propietario do inmovible ocupado teña que iniciar un longo e penoso procedemento xudicial para recuperar a posesión da vivenda e o desaloxo dos ocupantes; o que xera na cidadanía unha sensación de impotencia ante estas condutas cando quedan impunes.

É evidente que o noso ordenamento xurídico precisa unha adaptación que habilite ás Forzas e Corpos de Seguridade e aos Tribunais de Xustiza a adopción de medidas áxiles e eficaces para facer fronte á problemática da ocupación ilegal de vivendas nas súas diferentes formas e modalidades, que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade, que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos.

Aínda que a Fiscalía ten manifestado que é posible a adopción de medidas cautelares ao amparo do artigo 13, 544 bis e ter da Lecrim que restituán o inmovible ao seu lexítimo titular, o certo é que nos Xulgados obsérvase unha diversidade de criterios á hora de adoptar estas medidas cautelares, polo que debe valorarse a posibilidade de promover unha reforma lexislativa que permita de forma expresa a adopción desta medida cautelar restituíndo o inmovible ao seu lexítimo titular, utilizando procedementos como os dos xuízos rápidos.

Nesa mesma liña, o Defensor del Pueblo nunha recente Recomendación, do 20-04-2017 diríxese ao Ministerio de Justicia para

"prever los cauces adecuados para la adopción de medidas de carácter cautelar que sustituyan al titular del inmueble la posesión y disfrute urgente del mismo, mediante la tramitación de un procedimiento judicial rápido"

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Bergondo eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. *O pleno do Concello de Bergondo manifesta o seu rexeitamento e condena as ocupacións ilegais de inmobles e instar á policía local a colaborar coas autoridades xudiciais no seu desaloxo en defensa do dereito constitucional á propiedade privada.*
2. *O pleno do Concello de Bergondo insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:*
 - a) *A modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.*
 - b) *A potenciación legislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuizamento criminal.*
 - c) *As modificacións legislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.*
3. *O pleno do Concello de Bergondo insta á Xunta de Galicia á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuizamento criminal, promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.*
4. *O pleno do Concello de Bergondo insta ao goberno municipal a arbitrar, naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.*

Continúa o Sr voceiro: neste sentido, sabemos que a semana pasada votouse e aprobouse no pleno do Congreso dos Deputados unha moción para incluír no Código Penal o delito de usurpación no ámbito dos xuízos rápidos, así como endurecer as penas previstas e garantir o cumprimento do castigo, en dita moción falouse de reformar a Lei de protección da seguridade cidadá, a Lei de axuizamento civil e criminal; en definitiva, poñerse á vangarda como o resto da Unión Europea. Sen dúbida, unha reforma do ordenamento xurídico vixente que permita protexer aos lexítimos propietarios da usurpación e ocupación ilegal.

Se me permiten, vou ler un pouco dun artigo editado por un economista chamado Juan Ramón Rallo e cito textualmente *la propiedad privada es la base de la civilización y del bienestar. Sin propiedad privada no existe seguridad jurídica sobre nuestro futuro; dependemos del azar, de la arbitrariedad de otro. Sin propiedad soy incapaz de saber si mañana mis alimentos, mi coche, mi vivienda, mi ropa o mi empresa seguirán siendo míos; soy incapaz, por tanto, de saber si mañana podré comer, viajar, dormir, vestirme o trabajar. De hecho, la diferencia fundamental entre países pobres y ricos es el grado de respeto a la propiedad privada. Eliminarla supone abolir el sistema capitalista y la libertad. En su ausencia, la economía se desmoronaría y el ser humano caería presa de la violencia del más fuerte: estaríamos ante una degradante eutanasia colectiva.*

Calculase que en España hai mais de noventa mil vivendas ocupadas ilegalmente, o que provoca que quedan fóra do parque de vivendas en aluguer, pero tal é a gravidade destes feitos, que ata en internet hai manuais que che indican o que tes que facer para ocupar unha vivenda, unha vez pasan as xa famosas corenta e oito horas de ocupación, xa eres residente, e para botalos hai que agardar por un espeso e longo trámite xudicial, esta situación no resto de Europa abordase de diferentes formas, pero en España e Portugal a propiedade privada vulnerase.

Este non é un problema puntual que afecta a un grupo minoritario, é un problema social de perda de valores e principios que os políticos apoiamos e non cambiamos esta situación, é primar a comodidade fronte o esforzo e o traballo.

A moción á que facía referencia aprobouse, pero non cos votos do PSOE nin de En Marea, e a miña pregunta é, que problema teñen vostedes coa apropiación da propiedade privada? Supoño que aos veciños do concello gustaríalles saber o que opinan os seus representantes políticos con respecto a este tema que está á orde do día.

Sra. alcaldesa: pois mire, dende logo a miña intención era de aprobar esta moción, porque non lle vía no texto ningunha cuestión..., soamente lle quería puntualizar unha, que non se puidese aprobar aquí no Pleno de Bergondo, e vou a puntualizarlla, comentábo o outro día na Comisión Informativa; *instar á policía local a colaborar coas autoridades xudiciais no seu desaloxo en defensa do dereito constitucional á propiedade privada...*, non se ten que insta á policía local xa que é unha das súas obrigas, e xa o fan, teñen a obriga de colaborar coa autoridade xudicial, quitaría iso. A pesares diso non temos ningún problema coa moción e entendemos que obviamente hai que defender a propiedade privada tamén porque é froito moitas veces dos aforros de moita xente e que non é xusto que outra xente ocupe o que pode ser o aforro desta xente.

Non vou entrar a valorar o artigo que leu despois vostede, onde esa defensa a ultranza do capitalismo é discutible, onde o capitalismo é certo que é o método económico que nos levou ao benestar pero tamén moitas á situacións reais de pobreza en moitos países.

E cando xa falamos de perda de valores, non sei se estamos falando da perda de valores que considera o Partido Popular, cando sole ser o Partido Popular mais reaccionario, non o Partido Popular ao que estamos acostumados aquí en Bergondo; simplemente o plantexo como iso.

Polo tanto, sen o resto do artigo que vostede acaba de ler, xa digo, con respecto ao texto da moción non temos nada que indicar; co artigo que acaba de ler non imos ser, polo menos no meu caso, e no caso do Partido Socialista, defensores tamén dun sistema comunista, pero tampouco dese capitalismo férreo que trouxo probablemente cousas boas, pero tamén moitas cousas malas.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro de VB: unha das cousas que teñen que facer os representantes públicos é garantir a propiedade privada, imos apoiar a proposta e gustaríame que..., hai cousas que se pelexan aquí no fondo, na forma, imos á raíz do tema, porque ao final se un é branco e o outro é verde..., pero ao final o que temos que garantir é a propiedade privada, que todo o mundo teña dereito a desfrutar do seu, e axudarlles, ou ser responsables cando teñen algún tipo de intromisión non acorde; polo tanto o noso voto é a favor.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: nós iamos votar a favor desta moción, e imos votar a favor, pero sinceramente sobra todo o demais, sobra ese texto que non sei se é da escola de Chicago, da de Viena, ou da Asociación do Rifle, non sei de que é, pero sinceramente sobra por completo, tamén sobra incluso o do Congreso. Creo que quizás temos que ir mais ao local, e analizar Bergondo, analizar as súas circunstancias, creo que non é unha situación dramática a que se dá en Bergondo neste sentido, afortunadamente por outra parte, pero é unha cousa que está aí ou que pode suceder e que..., en definitiva, nós estamos de acordo coa moción, e insisto no dito, non facía falta todo o demais.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: un (1) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. MOCIÓN INSTITUCIONAL PRO DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 21 de setembro, que transcrita literalmente di:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 18 de xullo de 1936 prodúcese unha sublevación militar contra o goberno da II República que desemboca nunha guerra civil. Algúns dos territorios do Estado, como foi o caso galego, caen desde os primeiros días baixo o control dos sublevados, comezando, en palabras de Maruja Mallo, a "era do terror, os encadeamentos inxustificadas, os fusilamentos sen formación de causa, as matanzas en masa".

Os sublevados substituirán as autoridades civís e militares republicanas, dando lugar a unha nova elite no plano político, social e empresarial na cidade da Coruña. Serán estas novas elites as que en marzo de 1938 decidan agasallar unha residencia de verán a quen nesas alturas do conflito civil daban xa como vencedor e, xa que logo, inminente Xefe do Estado. As razóns son varias, mais a principal é obvia: procurar os favores dun ditador ao que terían acceso directo durante as súas estancias estivais.

Para a xestión da compra crean unha *Junta* que denominarán *Pro Pazo del Caudillo*, decidindo establecer unha nova subscrición para o financiamento da operación, mais cunha diferenza coas que viñan funcionando na Coruña nese momento. Esta non era para o financiamento das necesidades bélicas franquistas, senón para o beneficio privado e particular do líder dos sublevados.

Ese órgano estará formado polos alcaldes da provincia da Coruña, sendo habitual que os da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Sada e Betanzos representen a administración municipal. A Deputación da Coruña e o Goberno Civil da Coruña completarán a representación da administración.

En maio dese mesmo ano a *Junta Pro Pazo* remite unha circular a todos os concellos da provincia ordenando a constitución de *Juntas* locais para efectuar a recadación casa por casa.

A pesar da presión exercida e do importe recadado, a *Junta Pro Pazo* dá por fracasada a Subscrición a finais de 1939. O fracaso estará condicionado por unha recadación que non acadou as expectativas, mais, sobre todo, polos condicionantes que a partir do anuncio de adquisición do Pazo irán poñendo os Franco. O condicionamento sobre a propiedade, xa que esta non pasou a titularidade pública e as melloras e ampliacións sucesivas que se encargan antes aínda da entrega protocolaria do inmovible o 5 de decembro de 1938.

Será nese período cando se executen importantes obras tales como a construción dunha nova rede de abastecemento de auga sobre a existente e dotación ao pazo de todo tipo de servizos, construción dos muros exteriores, axardinamento da finca, construción de pistas interiores, traslado da área da praia de Mera (Oleiros) para ornamentación da explanada fronte ás torres e unha pista interior, entre outras moitas.

Entre esas obras condicionadas directamente polos Franco estará a ampliación da propiedade, coa incorporación das terras limítrofes, propiedade de labregos da parroquia. A extensión da superficie orixinal pasará de 5,7 a 9 hectáreas.

A pesar de que existan referencias de transferencias dos concellos ata o ano 1940, o certo é que a finais de 1938 a *Junta Pro Pazo* dá por fracasada a subscrición e ten que definir novas fontes de financiamento para satisfacer as incesantes peticións de

mellora. Nunha reunión da celebrada no Goberno Civil da Coruña adoptan o acordo de establecer un repartimento proporcional entre todos os concellos da provincia da Coruña tomando como base a súa capacidade industrial e comercial, regulamentada pola contribución, sendo o tipo mínimo o 5%.

A partir de 1939 comezan a realizarse transferencias dos concellos da provincia da Coruña, sendo os casos máis singulares os do Concello da Coruña, que transfere das arcas municipais 25 mil pesetas, e a Deputación da Coruña, que transfere 15 mil. Tras os actos de toma de posesión do Pazo celebrados o 5 de decembro de 1938, Franco encargará novas obras de mellora e a liquidación e extinción da *Junta Pro Pazo* como órgano xestor, que Franco dará por rematadas en 1945.

Despois de 80 anos de abusos e impunidade compre tomar partido pola defensa da devolución gratuíta do Pazo de Meirás ao Patrimonio público.

Por todo iso, o Pleno da Corporación de Bergondo acorda:

- 1.- Integrarse na Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin lograr a incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.
- 2.- Rexeitar a xestión por parte da Fundación Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás. Apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione. Expresar o apoio corporativo aos acordos do pleno da Corporación Municipal de Sada do pasado 12 de agosto. Condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.
- 3.- Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais á modificación da Lei de Fundacións co obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.
- 4.- Apoiar a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público, para converter este espazo nun centro destinado a divulgar, difundir e contribuír a coñecer a memoria histórica, os valores da paz e a democracia.
- 5.- Instar aos grupos parlamentarios da Cámara galega a elaborar e aprobar unha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao Pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica."

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa: pouco hai que engadir a esta moción despois de todo o que estamos vendo a través da prensa e demais; simplemente un apunte, é que se nos fixo chegar por parte da Deputación da Coruña esta solicitude de acordo para xuntarnos tamén, igual que fixo a Deputación, os concellos, para que este ben independentemente de quen o xestione ou non despois, ou xa dixen o outro día que non será o Concello de Bergondo nin falta que fai, pero que se determine quen será, pero si que é certo que neste caso si que estamos falando dunha propiedade privada que probablemente non merecería ser privada.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro do PP: a verdade é que cando recibín esta moción o primeiro que me veu á cabeza foi o señor Fariña cando me dixo no meu primeiro pleno como concelleiro, díxome, cando nós levamos a moción do Plan de transporte metropolitano, díxome que non vía a utilidade da moción porque ao seu parecer era darse patadiñas por debaixo da mesa e contribuía a un xogo político no mal sentido da palabra; entón eu preguntolle ao señor Fariña se a esta moción lle ve a utilidade.

Dígoos porqué vostedes, vou falar facendo referencia ao seu partido político, viñan a instaurar o rescate cidadá, se non me lembro mal, viñeron a salva á cidadanía do que se fixera antes, pero pasaron dous anos e de rescate nada, o rescate que ofreceron vostedes foi falar de Franco, cambiar os nomes ás rúas..., entón non entendo moi ben a que están agardando para plantexar o famoso rescate cidadán.

Polo contra, cando se trata de sacar adiante plans que melloren a mobilidade dos cidadáns, dos de Bergondo tamén, nin están nin se lles espera; cando hai que sacar proxectos que realmente lle interesan aos cidadáns aí tampouco están, vostedes están a outras cousas.

En calquera lugar, compre sinalar que o Pazo de Meirás é de titularidade privada, como dicía a alcaldesa, e que como di a Lei de patrimonio cultural, é obriga dos propietarios abrillo catro días ao mes e xestionar o seu mantemento, de feito á familia que xestiona o Pazo abríuselle un expediente e impúxoselle unha sanción de catro mil cincocentos euros por incumprilo.

Con respecto á devolución do Pazo de Meirás por parte dos actuais propietarios, é preciso non anticiparse, e facer un estudo das posibles opcións existentes, por iso, e se non me equivoco creo que se aprobou onte no Parlamento galego, unha moción similar a esta, onde se dicía que *...considerase adecuado realizar un estudo xurídico en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres de Meirás...*

Sra. alcaldesa: antes de darlle a palabra ao voceiro de Veciños de Bergondo, lembrar que as intervencións se deben facer sobre os asuntos que se traen ao pleno, vale? que estamos debatendo os asuntos que veñen ao pleno; simplemente por unha cuestión tamén de forma, e qué os que representamos ou temos ou somos grupos municipais doutros partidos, doutra formación política, pois moitas veces si que é certo que os representamos aquí no propio concello, pero tampouco temos a responsabilidade do que se faga ou se deixe de facer, ao mellor, no Parlamento, e dígoos por algunha cuestión referida a que ía facer determinado grupo en determinada situación, é dicir, podo falar en termos xenéricos.

Polo tanto, volvendo ao tema, imos falar *de lo que venimos a hablar*, que neste caso si que toca *hablar del libro*.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sr. voceiro de VB: vese que por unha vez somos valentes, traemos unha proposta para referendar por un equipo de goberno limítrofe, a recuperación dun ben que debe ser de todos, paréceme importante aprobar esta proposta.

Coincidindo co que dixoo antes..., síntoo, hoxe tócalle a vostede..., o señor Fariña, imos apoiar a proposta, parécennos moi valentes, ademais por desgraza polo lado da miña familia pasáronas canutas neste roubo... que quede claro.

Hai un momento vostede dixoo, temos que ir ao local e centrarnos en Bergondo, isto é unha cousa importante, non hai que quitarlle importancia pero é de Sada, vale?. Pero eu non vin ningunha moción institucional, nin vos vin a vostedes pedindo polos veciños de Guísamo cando pelexan polo semáforo facer isto, centrémonos en Bergondo, isto está moi ben facelo, pero sexamos tamén valentes cando un grupo de veciños teñen unha queixa, deixemos de facer cousas... e facer... mocións institucionais tamén para os de aquí.

Imos aprobar esta proposta porqué é moi boa, pero como di o señor Fariña, temos que ir ao local e centrarnos en Bergondo.

Sra. alcaldesa: vou lembrar unha vez mais que é unha proposta aprobada polos Grupos provinciais tamén na Deputación.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: en canto ao último, de Guísamo, nós estivemos cos veciños pelexando alí onde había que estar, que era en Fomento, por certo varias veces. Os veciños teñen mérito no que se conseguiu e nós tamén, que tamén seguimos o tema e fixemos o traballo que tiñamos que facer.

En canto o que di o Partido Popular, non vou entrar, por suposto non vou entrar no que vostede pretende que entre, so direi unha cousa, que problema ten o Partido Popular en falar de Franco? porque sempre que sae Franco a colación se saen por *peteneras*, cando non é co noso grupo político é con Cataluña, como ocorreu o outro día na Comisión informativa, sempre teñen problemas de falar de Franco, vostede que é unha persoa nova non debería ter ese

problema nin ese tipo de condicionantes, e seguro que non o ten pero segue o guión, ou segue o argumentario, ese é o problema.

Nada mais, do demais non vou comentar nada, por suposto.

Sr. voceiro do PP: pido a palabra por alusións, e quero que conste en acta que nin o PP é partido franquista, nin que apoia ao franquismo....

Sr. voceiro de SON: non dixen tal...

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: un (1) voto a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións. **Total nove (9) votos a favor e dúas (2) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

Logo de rematar a votación o Sr. voceiro de VB manifesta: entón temos un erro...

Sra. alcaldesa: non, é unha moción institucional.

Sr. voceiro: desculpe, temos que declarar nula a moción, porque non é unha moción institucional.

Sra. alcaldesa: non é unha moción institucional, é unha moción que presentan varios partidos.

Sr. voceiro: descúlpeme, non teño nin idea, quería preguntarlle á señora secretaria....

Sra. alcaldesa: a moción está presentada polo grupos políticos...

Sr. voceiro: non, está presentada como moción institucional, dígoo para que despois non nos tomen...

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, a moción está asinada polos voceiros, está asinada....

Sr. voceiro: non por todos, polo tanto non é institucional, a ver....

Sra. alcaldesa: a única voceira que falta, é porque hoxe non puido asistir ao pleno e díxome que a asinaba mañá, simplemente é unha cuestión de firmas..

Sr. voceiro: eu dígoo porque se non estamos todos de acordo...

Sra. alcaldesa: non, precisamente si que o manifestou cando comunicou a súa non asistencia a este pleno, que anunciou que a asinaría mañá

Sr. voceiro: pero sabe que se non asinamos todos a moción é nula.

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 22 de xullo ao 22 de setembro de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 708/2017 ao 897/2017. O Pleno queda enterado.

11. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún

asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Ningún grupo presenta asunto algún.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar o Sr. concelleiro do Partido Popular, José Angel Vieiro Amor, da lectura aos rogos e preguntas que presentaron por Rexistro o día 27 de setembro, co núm. de entrada 6985, son as seguintes:

.- A colocación dun espello en Bergondiño. Intersección dos coches que veñen da zona dos Curras dirección Casas Novas e os que baixan de A torre e dicir cruce camiño de os curras - a torre en Bergondino.

Sra. alcaldesa: estamos facendo un novo plan de colocación de sinais e de espellos.

Sr. concelleiro: mais que nada porque onde se ve a sinal de stop, os coches que veñen de abaixo teñen que meterse moito e é un problema.

.- A colocación de canastras nas pistas deportivas de Bergondiño.

Sra. alcaldesa: si, de feito xa o temos previsto, seguramente para a planificación do 2018, pero se incluso tiveramos a posibilidade económica, digamos, de facelo antes de que finalice o ano xa está contemplado poñer unha canastra.

Sr. concelleiro: vale

.- Instar a Deputación da Coruña a colocación dun banco na marquesiña de Sampaio.

Sr. concelleiro: tiñamos o banco da marquesiña e non está, había moi cortesmente dúas cadeiras de plástico, de praia; creo que a isto xa lle demos solución ou estaba niso

Sra. alcaldesa: aí vai ir colocada unha marquesiña nova, pero unha vez que estea feito o proxecto, a obra que aprobamos no Pleno de xullo; viñéronnos xa todas as autorizacións e de feito está xa a piques de licitación. A marquesiña existe xa, está feita, está sen subministrarnos porque xa ten un sitio, que é ese, entón andar colocando agora un banco cando o que se vai colocar é unha nova marquesiña pois...

.- Que se tomen as actuacións correspondentes na casa de Cortés, en Guisamo, e se proceda á súa limpeza.

Sr. concelleiro: xa veu a plenos anteriores, xa falamos diso pero seguimos na mesma liña, non?

Sra. alcaldesa: non, na mesma liña non seguimos, nós instamos como a todos os propietarios a que limpen, neste caso digamos que había, non sei se a palabra é un problema, pero si que había cuestións de titularidade dubidosa; unha vez que xa hai un novo titular contrastado, xa está notificado recentemente ese novo titular, co cal debería facer esa limpeza case de inmediato.

Sr. concelleiro: cremos que é moi urxente, porque....

Sra. alcaldesa: porque leva xa moito tempo....

Sr. concelleiro: os veciños están sufrindo demasiado, xa

Sra. alcaldesa: obviamente.

.- Actuacións para mellorar a seguridade vial dos peatóns e dos vehículos en San Isidro, xa que o magnolio sito xunto o paso de ceбра causa problemas de visibilidade para ambos

Sr. concelleiro: o temos falado xa noutros tempos. O famoso magnolio da parrillada segue crescendo cada vez mais, a farola está totalmente tapada, os peóns pasan así a rumbo... e non hai luz.

Sra. alcaldesa: cando chegue agora o inverno se podará

Sr. concelleiro: iso xa o dixó o inverno pasado, acordase?.

Sra. alcaldesa: pero neste inverno se poda.

Sr. concelleiro: vale, neste inverno...

.- En relación coa finca As margaridas, en Santa Marta chegaronnos queixas dos veciños pola celebración de eventos en dita finca. Queríamos saber que actuacións teñen previstas levar a cabo.

Sr. concelleiro: aquí teño tres preguntas: primeiro, estanse realizando obras nesa finca? segundo, hai permiso de obras? e terceiro, houbo unha festa que todos sabemos como é unha festa, con permiso, sen permiso, ata altas horas da noite con música, con barullo; pero hai un tema mais flagrante que nos dixeron que houbera un señor da Corporación, concretamente un voceiro, que chegou en plan un pouco chulesco mandando apartar coches que había dos veciños, que viñan os autobuses..., que aquilo era a panacea..., hai algo diso? ou é un bulo?

Sra. alcaldesa: facemos un resumo deste tema. Está solicitada unha licenza de obra maior para a reparación da cuberta, aínda está sen conceder xa que está enviado o expediente a Patrimonio. Están solicitadas tamén algunhas licenzas menores de pintado e acondicionamento, que tamén están pendentes de Patrimonio; están pendentes de Patrimonio simplemente pola afección do Pazo do Casal, tamén quero sinalalo.

É certo que houbo diversas actuacións de acondicionamento do xardín, e nun momento dado paralizouse a obra porqué había un movemento de terras non autorizado, non ilegal, porqué en todo caso sería legalizable.

O día nove de setembro, para a realización dun evento se solicitou a colocación dunha carpa, foi tramitada, e é o que tramita o concello, o concello tampouco tramita outro tipo de festas en fincas privadas.

Entendemos que seguramente no inicio das obras, destas obras maiores das que lle falo, se solicite igualmente unha licenza de actividade, pero iso aínda non consta, non hai expediente, e no caso de que así sexa porqué viñeron a preguntar a cualificación actual da finca, si que permite os usos hoteleiros, de restauración, etcétera.

Pregunta vostede polas actuacións que debe levar a cabo o concello, pois nós seguiremos como un expediente mais en canto veñan as autorizacións de Patrimonio.

En canto ás queixas dos veciños, tamén nos chegaron a nós, pero tamén preguntamos a outros veciños próximos e non manifestaron o mesmo senón todo o contrario, que non houbera molestia algunha.

Polo tanto cremos que facendo as cousas tal e como indican os informes é unha boa oportunidade de que un edificio que figura nunha finca catalogada se poida conservar e ter un bo fin.

En canto ás situacións chulescas e demais dun concelleiro, probablemente non sexan esas actuacións de ningún concelleiro, nin de ningún voceiro, pero si precisamente un ordenamento dun espazo por parte da policía local que si foi quen realmente puxo autoridade nese día nove, porqué si había unhas faltas graves no uso de determinados espazos públicos.

Sr. concelleiro: no primeiro punto, que saiba que a cuberta xa está realizada, con permiso ou non, xa está realizada. O segundo, como todo o mundo tería que ter panel informativo das obras colocado na porta como temos os demais veciños e ten todo o mundo.

E terceiro, por moito que tapen os portalóns con telas se ve, e vese, e houbo xente traballando hasta as cinco da mañá, cando os veciños protestaron, chamaron ao señor Fariña e dixo, si vou agora, e estou aquí e foi a garda civil cinco ou seis veces, e os municipais...

Sra. alcaldesa: ás cinco da mañá dubídoo....

Sr. concelleiro: si, si, e incluso mais tarde; houbo días que traballaron de día e de noite. Entón creo que..., ese día incluso veu a garda civil tres ou catro veces....

Sra. alcaldesa: cal é a pregunta?, señor concelleiro..

Sr. concelleiro: pos que me contestara un pouco se...

Sra. alcaldesa: xa lle contestei.

Sr. concelleiro: ben, tomamos nota.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: podo contestar? se me permite, todas as alusións que se acaban de facer á miña persoa son falsas.

Sr. concelleiro do PP: son falsas? pois ben, queda aclarado.

Sra. alcaldesa: continuamos coas preguntas.

.- En relación cos socorristas, queriamos saber se nos pode informar porqué este verán houbo tantas baixas de socorristas.

Sr. concelleiro: que non nos chegaron..., que marcharon antes da fecha...

Sra. alcaldesa: sempre hai algunha baixa, nos últimos anos sempre hai baixas nos socorristas e é moi difícil facer unha substitución dos mesmos xa que as listas esgotanse; neste caso foi o que pasou, aos socorristas lles foron xurdindo outras oportunidades de traballo, ben como socorristas noutros concellos ou ben incluso noutros traballos cun contrato de maior duración.

Sr. concelleiro: sobre esta xente, protección civil ten algún poder? lles pode dar ordes? dependen deles, ou non?

Sra. alcaldesa: depender?, non, dependen directamente do concello, pero si que é certo que protección civil fai un apoio importante á seguridade nas praias.

Sr. concelleiro: dígolle porque, as queixas que nos fixeron chegar foi que había algún membro de protección civil que chegaba alí un pouco en plan tal..., que daba ordes e outro daba ordes, un pouco mareando....

Sra. alcaldesa: nós o que temos que facer e que cumpran cun horario, que cumpran cunhas directrices que se marcan dende...

Sr. concelleiro: pero os de protección civil poden facer iso?

Sra. alcaldesa: os de protección civil en todo caso, se están facendo o que nós dixemos que tiñan que facer, obviamente.

.- En Raxas, preto da Virxe da barca hai unha farola que non alumea ben debido a que as polas dos arbores llo impiden, e tamén nese mesmo monte hai árbores que teñen palas a punto de caer que poden caer enriba de alguén.

Sr. concelleiro: dirección Raxás Betanzos, antes da Virxe da Barca na curva mesmo, hai unha farola que está totalmente absorbida polas ramas das árbores, é como se non alumeara, ademais hai as polas dun pino que están a punto de caer, e a ver se non pasa como pasou en Gandarío ou noutros lados; igual non caen en todo o ano, e outro día caeron enriba dun coche.

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

.- ¿Hai algunha actuación prevista ca Casa do Cura de Guisamo?

Sr. concelleiro: tamén xa o trouxemos mais veces.

Sra. alcaldesa: non hai novidades, en canto haxa novidades pois trasladareillas.

Sr. concelleiro: nin por parte da igrexa...

Sra. alcaldesa: tampouco houbo movementos nestes últimos meses, daremos pasos agora.

.- Ouces, cruce do Casal. Panel informativo totalmente tapado por unha arbore.

Sr. concelleiro: poderase desprazar un pouquiño...

Sra. alcaldesa: non, desprazar non, porqué ademais non somos os titulares da vía, nin tampouco...

Sr. concelleiro: pero poderemos instar á Deputación?

Sra. alcaldesa: eu creo que simplemente cun recorte de follas xa está, verase se simplemente con iso é suficiente, ou se realmente hai que mover o cartel.

.- No Meón, non teñen alumeadado público?

Sr. concelleiro: iso é cousa da promotora que o deixou así? ou é cousa do concello?....

Sra. alcaldesa: na zona de Outeiro?

Sr. concelleiro: diante dos chalés de Meón, a que sube de xeral cara arriba, non hai ningún punto de luz.

Sra. alcaldesa: hai diferentes tramos en todo o concello que aínda non dispoñen de alumeadado público, hai que ir vendo de dotar esas infraestruturas onde se poida, é certo, esa é unha das zonas onde se ten que acometer.

Sr. concelleiro: o sexa que sería cousa do concello en caso de....

Sra. alcaldesa: si, ao día de hoxe si.

Sr. concelleiro: podería ser que quedara pendente da promotora, que se esquecera de instalala.

Sra. alcaldesa: non

A continuación o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo da lectura aos rogos e preguntas que presentaron por Rexistro o día 27 de setembro, co núm. de entrada 6994, son as seguintes:

.- Porque en la finca municipal conocida como la del invernadero sita al lado del punto limpio esta llena de maleza, con restos de poda, sofás, escombros ...

Sra. alcaldesa: pois porque aínda non se limpou..

Sr. voceiro: ata ten un sofá vello...

.- Porque hay un vehiculo policial dado de baja, en una finca municipal llena de maleza llevamos solicitado la retirada de ese vehiculo desde hace años para dar ejemplo desde la administración cual es el motivo de que continúe ahí.

Sr. voceiro: xa preguntamos un montón de veces, sabe que hai diferentes normativas, tanto estatais como autonómicas, que non permiten que un coche dado de baixa estea nunha leira, e aínda por riba sen limpar, nun polígono industrial, entón gustaríanos ...

Sra. alcaldesa: xa llo dixemos no seu día....

Sr. voceiro: si, no 2014

Sra. alcaldesa: hai que tramitar un expediente que aínda non esta feito, o volume de traballo é importante no Servizo, e aínda non está feito.

Sr. voceiro: pero no 2014...

Sra. alcaldesa: pois si, señor concelleiro, igual que outros expedientes que ao mellor deberían estar listos e aínda non o están.

.- Podría explicarnos que sucedió el sábado 9 de septiembre en la finca conocida as Margaridas.

.- Tenía permiso municipal dicho acto, nas Margaridas.

.- Le constan las quejas de los vecinos, nas Margaridas,

.- Existe otorgada licencia nas Margaridas para las obras de restauración que está ejecutando actualmente.

.- Si no tienen licencia, nas Margaridas, porque no están paralizadas las obras, se está destruyendo un patrimonio artístico de Bergondo que deberíamos protegerlo.

Sr. voceiro: eu quería saber se esta empresa, ou o que fose, tiña permiso municipal para facer o acto do día nove.

Sra. alcaldesa: xa llo contestei....

Sr. voceiro: pero non o tiña...

Sra. alcaldesa: xa llo contestei señor concelleiro, está contestado ao PP; precisamente fixen un resume do todo o que había.

Sr. voceiro: pero a ver, vostede fixo un resumo *light*...

Sra. alcaldesa: non, eu contestei ás preguntas, polo tanto están contestadas.

Sr. voceiro: pero esta pregunta en concreto...

Sra. alcaldesa: contesteina..

Sr. voceiro: pero pódeme dicir para recordar..

Sra. alcaldesa: díxenlle que había unha autorización para a colocación dunha carpa, que se tramitou a colocación da carpa..

Sr. voceiro: pero se a autorización chegou o día 13...

Sra. alcaldesa: pero está legalizada esa autorización da carpa? Está contestado señor concelleiro.

Sr. voceiro: pero eu non entendo como...

Sra. alcaldesa: vostede non entenderá...

Sr. voceiro: non entendo como a uns veciños se lles deixa un local para facer unha actividade, e un paisano fai o que lle da a gana..., porqué, efectivamente, fixo un movemento de terras que se pode realizar, pero non tiña licenza, certo non? montou unha carpa que se pode legalizar, pero non tiña licenza nese momento, non tiña autorización nese momento; e aínda por riba a noite dos feitos, aparece..., reitero o que dixeron os veciños, aparece o señor primeiro tenente de alcalde coa policía local a un acto que non ten licenza concedida, a intentar que os veciños deixen aparcar autobuses para un acto que non ten licenza concedida, non entendo nada....

Sra. alcaldesa: pois esa é a súa visión, nada mais.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: a afirmación que acaba vostede de facer referida á miña persoa, é totalmente falsa.

Sr. voceiro de VB: vostede non estivo alí?

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: non vou entrar en ... son falsas...

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, as preguntas..., pregunta e resposta. Continúe coas preguntas.

Sr. voceiro de VB: esta finca, chamada As Margaritas, non ten paralizadas todas as obras, e séguese traballando nela....

Sra. alcaldesa: xa lle contestei, señor concelleiro..

Sr. voceiro: cóstanlle queixas de veciños, como dixó antes?

Sra. alcaldesa: xa o dixen tamén

.- Tiene el Concello de Bergondo activado el plan de desratización, son numerosas las quejas que nos llegan, como saben.

Sra. alcaldesa: como todos os anos, e os avisos que se teñen pasado ao concello pois se teñen tramitado, non figuran queixas.

Sr. voceiro: que raro.... pois xa vin algunha metida por Rexistro, por iso llo digo....

Sra. alcaldesa: pois deríveos ao concello, e desde o Servizo se tramita.

.- Por qué no se instó la limpieza de la tinca de Cortes en pleno casco urbano de Guisamo su estado es un lamentable.

Sr. voceiro: e porqué non se multa?

Sra. alcaldesa: acabo de contestala.

Sr. voceiro: da multa non contestou nada.

Sra. alcaldesa: pois espere, porque como non está presentado o tema da multa na pregunta, a tomo para contestarlla o pleno seguinte.

Sr. voceiro: moi ben, perfecto, xa entendemos...

Sra. alcaldesa: non, faga as preguntas como están...

Sr. voceiro: pois o xabaril cando o quiten, tráiao para aquí tamén....non me fastidie, leva tres anos a finca sen limpar..

Sra. alcaldesa: señor concelleiro, límitese a facer as preguntas.

Sr. voceiro: perfecto....

.- Que paso este año nuevamente con las fincas municipales que no se limpiaron, porque seguimos sin dar ejemplo.

Sra. alcaldesa: están a maioría limpas, e as outras se van seguir limpando.

Sr. voceiro: pero a do Polígono está sen limpar, a finca na que está a depuradora está sen limpar....

Sra. alcaldesa: xa lle digo, vanse seguir limpando...

.- Por qué no retiran los escombros en la entrada del poligono de Bergondo y en el depósito de aguas que está al lado del castro de Reboredo que deposita la concesionaria de aguas, ¿acaso tienen autorización?

Sr. voceiro: este tema tamén o denunciou Anova no 2014.

Sra. alcaldesa: pois mire, escombros efectivamente ao lado do punto limpo, si que é certo que xa se lles requiriu para que o quitaran, era un tema puntual.

En Reboredo a verdade non nós figura no depósito de Augas, e si que é certo que na Areosa e aí non hai ningún escombros, aí o que hai é un acopio de zavorra para a reposición que se fai das acometidas.

Sr. voceiro: xusto fronte á zavorra xa ten silvas, porque van medrando, hai unha morea de restos de baldosas que..., ao mellor están catalogadas co castro, era dos romanos ou dos celtas..., pero dígolle que ao lado dun castro facer isto..., ao lado da entrada dun polígono aínda facendo isto...

.- Cuáles son los problemas que existen en la actualidad, para que la obra de Saneamiento de A Cruz do Sar no esté finalizada ni dé servicio a los vecinos. ?

Sra. alcaldesa: pois hai diferenzas entre o criterio da empresa e os técnicos con respecto á execución, polo tanto está suspendida temporalmente e veremos como resolver unha cuestión que a verdade non é sinxela.

Sr. voceiro: pero leva xa anos.

Sra. alcaldesa: é certo, dous anos suspendida.

.- En qué estado se encuentra las acciones necesarias para dotar de saneamiento a la parroquia de Lubre

Sra. alcaldesa: pois como vostede podería comprobar, tramitándose o proxecto do colector que vai no expediente do paseo fluvial do río Maior, estivo en exposición pública, rematou o día dezanove de setembro, o sexa a semana pasada, e o que temos é que esperar a que veña o informe da Xunta.

.- Que sucedió este año en la parroquia de Lubre con las limpiezas de comaros y cunetas, que actualmente en diferentes lugares siguen sin limpiarse y eso que publicaron que las maquinas no pararían con los tres tractores.

Sr. voceiro: este ano foi a primeira vez que non se limpou a parroquia enteira, non lle consta tampouco?

Sra. alcaldesa: mire, a parroquia de Lubre e o resto das parroquias do concello, se limparon e aínda se seguen limpando porque hai algúns camiños que aínda se seguen limpando agora, non soamente en Lubre, senón tamén algún camiño que ten un uso menor tamén no resto do concello

Sr. voceiro: mire, a estrada que vai de Armuño a Espírito Santo, unha estrada importante, a que vai polo castro tamén, pero non pasou.... chegan as silvas á metade da estrada; non creo que habendo parroquias que se limparon pola metade dos montes moitas delas, non se poida facer algo en Lubre, ou é que....

Sra. alcaldesa: igual que no resto das parroquias, señor concelleiro.

Sr. voceiro: moi ben...

So un rogo, rógolle que no próximo pleno nos entregue detallado o histórico das actuacións da casa das Margaridas.

Sra. alcaldesa: teñen vostedes feita unha solicitude para iso, polo tanto se lle tramitará e poderá ver o expediente no momento en que se lle entregue o decreto.

Sr. voceiro: pois imos entregalo.

Sra. alcaldesa: non, non ten que volver a entregalo, é un decreto que está pendente de realizar, polo tanto xa solicitou a vista do expediente e o poderá facer.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.^a Cacharrón Castelos

Vº. e Pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez